

Meniños

Plan Estratégico

2009 / 2012

Misión

Fundación Meniños é unha organización que traballa polos dereitos da infancia e a adolescencia en situación de dificultade social, contribuíndo a xerar cambios que propicien un ambiente familiar de seguridade e afecto.



meniños

Visión

Fundación Meniños ofrece servizos de calidade contrastada para a infancia e a adolescencia en situación de dificultade social e promove os seus dereitos, investigando, difundindo coñecemento e innovando sobre a súa atención e favorecendo a participación de outras persoas e entidades na promoción dunha cultura do bo trato, para garantir a cada neno, nena e adolescente o seu dereito a medrar nun ambiente familiar que asegure o seu benestar e desenvolvemento integral.

Fundación Meniños é unha entidade de acción social sen ánimo de lucro especializada no ámbito da infancia e a adolescencia cun traballo orientado a garantir o dereito a vivir en familia.

Desde o marco básico da **Convención de Dereitos do Neno**, a fundación desenvolve o seu labor traballando en prol da infancia e a adolescencia tanto directamente, por medio dos seus **programas de atención familiar**, como indirectamente, a través da **innovación e a investigación**.

Como entidade de acción social **independente**, **Fundación Meniños** asume a súa responsabilidade desenvolvendo un labor de **incidencia social** que persegue a promoción dunha **cultura do bo trato** á infancia e á adolescencia, fomentando o seu protagonismo e a súa **participación** como suxeito activo de dereitos, e **traballando en rede** cos demais axentes do sistema de protección e coa sociedade en xeral, favorecendo as sinerxias e o efecto multiplicador das actuacións.

Atenta á evolución social, e considerando que un dos colectivos en maior situación de vulnerabilidade ou de efectiva desprotección é **a infancia e a adolescencia**, a fundación orienta o seu labor a promover a **calidade de vida** das persoas para as cales traballa.

Fundación Meniños desenvolve este labor a través dun **equipo humano competente e comprometido** integrado nunha organización moderna e profesionalizada na súa xestión e funcionamento, a cal reverte á sociedade o **coñecemento** xerado desde a súa experiencia mediante unha política activa de **comunicación**.

Valores

O compromiso coa defensa dos dereitos, no marco da Convención de Dereitos do Neno, co obxectivo de incidir socialmente en procurar melloras perdurables para a infancia e a adolescencia.

O superior interese da infancia e a adolescencia e as súas necesidades, potenciando o seu protagonismo e participación como suxeito activo de dereitos.

A familia como referencia estable e plural de seguridade e afecto, priorizando o apoio á integración nas familias de orixe e, cando esta non sexa posible, propiciando acollementos familiares ou adopcións.

A educación e atención integral, baseada na confianza nas potencialidades familiares e a capacidade de cambio e desenvolvemento.

A especialización e a profesionalidade en todas as súas actuacións, orientadas á satisfacción das necesidades e expectativas das persoas e entidades coas que a fundación desenvolve o seu labor.

A innovación e creatividade, con atención permanente aos cambios sociais, ás necesidades emerxentes e á oferta de solucións de futuro sostibles.

Promoción da empatía, o respecto e o bo clima en todas as relacións da fundación.

Traballamos cunha política de transparencia informativa e rendición de contas, garantindo que os nosos obxectivos e actividades se implementen de forma responsable, eficiente, sostible e con independencia.

Compromiso social, propiciando a corresponsabilidade social, o traballo en rede e a participación activa no coñecemento e defensa da infancia e a adolescencia na promoción dunha cultura do bo trato.

Compromiso cos Dereitos do Neno

O superior interese do menor

A familia como referente estable

Educación e capacidade de cambio

Calidade e mellora continua


Innovación e creatividade

Coidado ás persoas

Transparencia e independencia

Compromiso social

Liñas Estratégicas



► **Básicas:** a **ATENCIÓN FAMILIAR** é a base de todas as demais actuacións, e a **INCIDENCIA SOCIAL** é o gran elemento diferenciador como entidade de acción social.

► **Instrumentais:** ao redor da **ATENCIÓN FAMILIAR** e a **INCIDENCIA SOCIAL** organízanse e provense o resto de elementos transversais, en particular os relacionados coa dotación de **RECURSOS** e coa **COMUNICACIÓN** de todas as liñas estratégicas.

Liñas Estratégicas

Liñas Estratégicas Básicas

1. Atención Familiar
2. Incidencia Social

Liñas Estratégicas Instrumentais

3. Investigación e Innovación
4. Comunicación
5. Equipo Humano
6. Recursos



meniños

Atención Familiar

Atención a nenos, nenas e adolescentes en situación de dificultade social a través de proxectos de intervención familiar eficaces, que posibiliten o seu desenvolvemento nun ambiente familiar provedor de bo trato.

Obxectivos:

1. CONTINUAR coa execución de proxectos e servizos de atención familiar relacionados co ACOLLEMENTO, PRESERVACIÓN E REUNIFICACIÓN FAMILIAR.
2. INTRODUCIR novos proxectos e servizos de atención familiar acordes coas NOVAS NECESIDADES EMERXENTES, en particular relacionados coa adolescencia conflictiva e a parentalidade positiva.
3. Asociar os proxectos á transferencia e difusión de COÑECEMENTOS.

Incidencia Social

Influír nas políticas públicas dirixidas á defensa dos dereitos da infancia e a adolescencia en situación de dificultade social e favorecer a implicación activa da sociedade civil.

Obxectivos:

1. POTENCIAR o traballo en rede con organizacións estatais públicas e privadas que compartan os fins da fundación e permitan o mellor impacto das actividades da fundación.
2. DESENVOLVER unha política de alianzas estables dirixida a unha COOPERACIÓN TÉCNICA INNOVADORA para a mellor difusión das propostas técnicas da fundación.
3. REFORZAR a lexitimación social da fundación por medio do aumento da súa base social e dos seus colaboradores institucionais.
4. POTENCIAR uns contidos específicos en SENSIBILIZACIÓN E PROTECCIÓN DOS DEREITOS DA INFANCIA E A ADOLESCENCIA.
5. Aproveitar o coñecemento derivado do noso traballo técnico para xerar CAMBIOS SOCIAIS.
6. INTENSIFICAR o compromiso social coa incorporación de criterios técnicos, sociais e ambientais.

Investigación e Innovación

Realización de estudos e avaliacións que permitan incrementar os nosos coñecementos en intervención familiar e aplicación de novas ideas, conceptos, produtos, servizos e prácticas que posibiliten o mellor cumprimento da misión.

Obxectivos:

1. Desenvolver **ESTUDIOS DE PROCESO E RESULTADO** sobre os proxectos de intervención familiar que permitan xerar **NOVOS COÑECEMENTOS**.
2. **DESEÑAR E DESENVOLVER** materiais e **PROXECTOS DE CARÁCTER EDUCATIVO E PREVENTIVO** a partir dos coñecementos adquiridos no proceso principal.
3. **DESEÑAR E AVALIAR NOVOS PROXECTOS E SERVIZOS** de atención familiar acordes coas novas necesidades emerxentes, en particular relacionados coa adolescencia conflitiva e a parentalidade positiva.
4. Optimizar os proxectos de atención familiar incorporando **CRITERIOS CUALITATIVOS DE REFERENCIA** relativos a boas prácticas e estándares de calidade.
5. Completar o desenvolvemento dos **CONTIDOS TÉCNICOS DO PLAN DE FORMACIÓN**, base para realizar as propostas formativas internas e externas.

Comunicación

Desenvolver unha estratexia de comunicación externa e interna eficaz e dirixida a favorecer o coñecemento, recoñecemento e implicación de todos os grupos de interese da fundación.

Obxectivos:

1. **POTENCIAR** unha estratexia de **COMUNICACIÓN EXTERNA** apoiada na función **INNOVADORA E XERADORA DE COÑECEMENTO** da fundación.
2. Difundir o coñecemento xerado nos procesos esenciais da organización a través da creación de **MATERIAIS DIVULGATIVOS E TÉCNICOS**.
3. **MANTER** a transparencia e a claridade na comunicación interna e externa.
4. **TRANSMITIR** interna e externamente unha imaxe da fundación diferenciada, unívoca, coherente, e equilibrada territorialmente.
5. Optimizar a política de **ATENCIÓN A PERSOAS E ENTIDADES ASOCIADAS** e colaboradoras con novas ferramentas e contidos de comunicación, favorecendo a súa **PARTICIPACIÓN ACTIVA E RETROALIMENTACIÓN**.
6. **UTILIZAR** canles alternativas ou complementarias na nosa comunicación.
7. Transmitir unha **CULTURA ORGANIZATIVA** xeradora de identificación e implicación.

Equipo Humano

Promover un equipo humano (remunerado e voluntario) competente e comprometido coa misión da fundación.

Obxectivos:

1. Actualizar a **POLÍTICA** de equipo humano.
2. Establecer e manter un **MARCO LABORAL SOSTIBLE** acorde coa misión e obxectivos da fundación.
3. Diseñar e executar un **PLAN DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL**.
4. **MANTER** un **CLIMA LABORAL** adecuado.

Recursos

Dotación dos recursos e ferramentas económicas, financeiras, administrativas, tecnolóxicas e organizativas adecuadas e suficientes para todos os proxectos e servizos e a súa xestión eficiente.

Obxectivos:

1. Equilibrar e estabilizar o **MODELO DE FINANCIAMENTO** favorecendo unha proporcionalidade razoable entre o financiamento público e privado, e entre o financiamento finalista e non finalista.
2. **CERTIFICAR** o sistema de xestión da calidade de acordo coa norma **UNE-EN ISO:9001 / 2008 PAULATINAMENTE EN TODOS OS CENTROS DE TRABAJO** da fundación.
3. Adaptar a xestión dos procesos ás **NOVAS SOLUCIÓNS TECNOLÓXICAS** favorecendo a súa accesibilidade, dispoñibilidade e axilidade.


Organigrama

Composición do Padroado


Presidente: Valentín Escudero Carranza
Vicepresidenta 1ª: Mª Elena García Gómez
Vicepresidente 2º: Xosé Manuel Villanueva Prieto
Secretaria: Paula González Gundín
Vogais:
Juan José Varela Rodil
José Jesús Sánchez Marín
Mª del Carmen Fernández Eire
Nuno Matias da Silva Ferreira

Composición do Equipo Directivo

Directora Xeral: Mónica Permuy López
Directora Técnica: Kucha Movilla Fidalgo
Directora de Xestión: Pilar Parga López
Delegada de Madrid: Olga Rivas Iglesias
Delegada de Asturias: Elvira Álvarez Baz
Asesor Xurídico: Santiago Míguez Caridad
Adxunta a D. de Xestión: Mª Begoña Pallas García



Mapa de Procesos



PSXC-07 Intervención Familiar

Cliente / Persoa Usuaria

Cliente / Persoa Usuaria

P-07.01 Admisión

P-07.02 Avaliación e
Deseño do PMF

**P-07.03 Tipo
Intervención**

- 01 Intervención Psicosocial
- 02 Terapia Familiar
- 03 Tramitación Axudas
- 04 Educación Familiar
- 05 Proxectos de Voluntariado

P-07.04 Seguimento
de Actuacións

P-07.05 Entrega

PSXC-04 Xestión da Documentación

- P-04.01 Control de Documentos
- P-04.02 Control de Rexistros

P-07.09 Xestión de Compras

De Apoio

902 22 07 07
www.meninos.org
www.mundodemilu.org

Sede Central

A Coruña

Avda. de Cádiz 5, 2º Esqda.
Edif. A Milagrosa | 15008 A Coruña
Tel: 981 269 955 | Fax: 981 256 003
meninos@meninos.org

Delegacións

Madrid

Santa Engracia 54, 1ª
28010 Madrid
Tel: 91 398 04 65 | Fax: 91 398 04 66
meninos.madrid@meninos.org

Asturias

Los Avellanos 5, 3º B
33002 Oviedo
Tel: 985 208 124 | Fax: 985 209 029
meninos.asturias@meninos.org

Lugo

Avda. da Coruña 40, 1º
27003 Lugo
Tel: 982 254 325 | Fax: 982 221 662
meninos.lugo@meninos.org

Ourense

Progreso 5, Oficina 6
32005 Ourense
Tel: 988 23 40 74 | Fax: 988 269 928
meninos.ourense@meninos.org

Pontevedra

Avda. Fragoso, 48, Interior Baixo
36210 Vigo
Tel: 986 240 436 | Fax: 986 247 759
meninos.pontevedra@meninos.org

Sor Lucía 2, 3º
36002 Pontevedra
Tel: 986 850 156 | Fax: 986 846 145
adolescentes.pontevedra@meninos.org



meniños